



NO FONDO DOS ESPELLOS

Tempo dos curros

XOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN

Segundo a estimación de Joaquín González Troncoso temos en Galicia uns 35.000 cabalos, dos cales 25.000 son animais ceibes que viven nos siútos que nós chamamos montes. Probabelmente a maior densidade de cabezas de gado equino se dea, no Sul, en Terra de Turonio na que se inclúe a cidade e zona industrial de Vigo. A segunda concentración de cabalos prodícese ao Norte, na zona de Ferrol e Terra de Trasancos. Vexan que no mundo obrero e no mundo ecuestre funciona o Eixo Vigo-Ferrol.

De Maio a Setembro é o tempo dos curros. Os cabalos e eguas ceibes son reunidos polos seus donos para marcar os poldros, rapar crinas e caudas, separara o gado destinado á venda, se tal desparasitar. Hai curros elementais, nos que só participan os propietarios e os achegados. Outros fórmanse constituindo en grandes festas populares. Mormente no caso dos curros dos termos municipais de Gondomar e Oia debido á propaganda que deles fixera no século XX Bene no *Faro de Vigo*. Un opúsculo de Víctor Lis (perdón) serviu para popularizar a rapa das bestas ou curro de San Lourenzo de Sabucedo. A evolución dos curros proseguíu e hoxe son varios os dotados de gradas para os espectadores asistirens aos traballois ancestrais. Os curros de madeira foron deixando paso aos de pedra e áfina da aos de betón.

Os cabalos ceibes conservan, en maior ou menor medida, a rexa autóctona, hoxe felizmente normalizada como PRG (Pura Raza Galega). Conservase esta más pura nos montes de Gondomar e a Serra de Groba. Esta raza vén sendo a mesma ca a do Norte de Portugal, onde recibe o nome de garrana. Nas provincias portuguesas do Minho e Tras-os-Montes existen tamén curros coma os nosos, que eles coñecen oficialmente como *concentraciones*.

Na Terra Eo-Navia andan cabalos que responden ao tipo autóctono galego do que un día falaremos no Fondo dos Espellos. O curro do Monte do Faro (Valença do Minho) cada vez se vai asemellando máis aos curros vecinos —río por medio— de Galicia.

O libro de Herminio Pose Nieto titulado *Guía dos Curros de Galicia* (Vigo, Xerais, 2003) é moi útil para aquel que quier orientarse neste universo único. Pose danos datos preciosos, e almanaque, sobre curros da provincia da Coruña (As Canizadas, a Capelada, A Enxa, Forgoselo), Lugo (A Gafiodoria, Campo do Oso, Candaoso, San Tomé) e Pontevedra (A Paradanta, A Valga, Amil, Cuspedriños, Serra do Galiñeiro, O Castro, Vigo, Morgadáns, Pedroso, O Prado da Canda, San Cibrán ou Portavedra, Rapa de Sabucedo, Torro-



ñia). Pose Nieto non sinala curros na provincia de Ourense, pero temos noticia deles no Xurés, onde os cabalos reciben o nome de garranos coma en Portugal.

Hai outros curros en Galicia e algúns mínimos e mesmo clandestinos.

No Portugal septentrional sabemos de curros ou *concentraciones de registro de animais* nos municipios d' Os Arcos de Valdevez, Viana do Castelo, Montalegre, Monção, Vierira do Minho, Paredes de Coura, Terras de Bouro, A Ponte da Barca e Amares. As persoas interesadas nos curros *minhotos* e trasmontanos poderán ser informados pola Asociación de Criadores de Equinos de Reça Garrana (ACERG), Rua de João de Deus, 4850 Vieira do Minho (Portugal).

A cultura dos cabalos ceibes e dos curros remontásase á prehistoria. A raza galega e garrana, do tronco chamado "celta" desde a zootecnia do século XIX, é arceica. Seguramente bestas en liberdade polas brañas, montes e gándaras de toda Europa existiron noutros tempos. Os petróglifos galegos ofrecen imaxes de cabalos e cabaleiros. Hoxe esta cultura só permanece, e masivamente, en terras da antiga Gallaecia. O único curro non galaico, e idéntico aos nosos, que subsiste é o Wildpferdefang de Dülmen, en Ale-

Rapa das bestas en Sabucedo.

maña, no que se acurran e separan 300 bestas bravas de morfoloxía moi semellante á das nosas do monte Do curro de Stümen falaremos, se hai ocasión, no Fondo dos Espellos.

O criador de gado do monte galego non obtén case beneficios do seu traballo. As crinas e serdas obtidas da rapa xa non se cotizan no mercado. A mayoría dos poldros que se venden vai destinada á exportación para o seu sacrificio para carne de consumo humano. Un poldro pode venderse no curro aos intermediarios por 60/70 euros. No lugar de destino, por exemplo Italia, esa carne equina, moi recomendada pola dietética, multiplica o seu valor no mercado. Todo o cal nos leva a considerar que a Xunta ten a obriga de intervir sobre esa masa portearia e a grande riqueza que representan eses 25.000 cabalos soltos e actualmente desprotexidos oficialmente. E iso de diversos modos. Un, fomentando o cooperativismo dos criadores con estímulos dos montes de Galicia reais. Outros, impedindo o uso exclusivamente madeireiro dos montes de Galicia e fomentando os pastos os ecosistemas nos que os cabalos se alimentan naturalmente. Finalmente, facendo que esta cultura pastoral e inmemorial sexa concicerda patrimonio de todos e necesariamente subvencionada para ben da nación.

Caixa postal

Agora emerxe do Fondo dos Espellos
a barba carolinxa (Otero Pedrayo) de Xosé María Castroviejo e Blanco-Cicerón, verdadeiro fundador da conciencia naturalista que nos gastamos e Garda Maior do Reino de Galicia e Serra de Ancares. Se el vivise, neste ano cumpliría os cien. Acordáronse os do veciños de Tirán no cementerio mariño no que xacen os seus restos. Saúdo a Marta Lemos Jorge, quen vindicou a memoria ecoloxista de Xosé María nun belo libro.

Recibimos no Fondo dos Espellos a seguinte carta:

"Profesor: ata mesmamente parece mentira que un escritor coma vostede que pasa por ser un purista da lingua galega use no xornal a palabra buzón a cal é castellana. Debería poñer caixa das cartas ou do correo pois é do xeito no que figura reflectido o concepto en diccionarios tan bos coma O Gran Diccionario Xerais da Lingua.

Disimule a miña crítica. Moi atenta-



MENÉDEZ FERRÍN
Sen dúbida a referencia máis erudita da narrativa galega, o escritor e a sabedoría sobre episodios e personaxes que charman o seu interese.

mente".

Pódemo crer o meu atento correspondal que eu nunca quixen ser un escritor nin un falante purista. Iso si: moito lle agradezo ao señor Dasairas a súa crítica. Efectivamente, a palabra buzón é un castelanismo. Segundo a Joan Coromines insistirelle en que a palabra é castelá e que se documenta por primeira vez en España no ano 1770 co mesmo significado que hoxe tén. Seguramente o uso de buzón xeneralizouse a partir da implantación dunha palabra occitana *bouson*, segundo a autor cidade do citado lexicógrafo e estimoloxista catalán. O difícil de explicar é a evolución semántica da palabra, ao meu xuizo. Porque *bouson* lle chamaban os vellos occitanos a un arti-

luxio de guerra que coñecemos como ariete "toro de punta ferrada que servía na guerra para abater portes e muros". Tal significado pudo evoluir a algo tan diverso como é "receptáculo destinado a recoller cartas". Non o sei.

Direille ao señor Dasairas que ten razón. Sena cal fose a súa orixe histórica, buzón é en galego: caixa do correo. Tanra razón lle dou ao meu correspondente que acabo de resolver que buzón xa non aparecerá máis no Fondo dos Espellos. Non escribiremos caixa do correo senón a expresión semellante caixa postal. Que nos fai acordantes da internacionalista e moi ilustrada Unión Postal Universal. E facémolo contra o retorno de Turn und Taxis e dos servizos privados de correos.